


A PROTECCIÓN POR CESAMIENTO DE ACTIVIDADE

NO RÉXIME ESPECIAL DOS
TRABALLADORES DO MAR



*Estamos para axudarche
nos teus momentos difíciles*

ÍNDICE

- 
- A background image of a woman in a fishing boat, wearing a cap and overalls, holding a fishing rod. The image is faded and serves as a background for the index.
- 2 **QUE É?**
 - 2 **SUXEITOS BENEFICIARIOS**
 - 3 **REQUISITOS**
 - 4 **CAUSAS**
 - 6 **LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**
 - 7 **DURACIÓN**
 - 8 **CONTÍA**
 - 9 **SUSPENSIÓN E CONTINUACIÓN**
 - 10 **EXTINCIÓN**
 - 10 **PODE VOLVER PERCIBIRSE A PRESTACIÓN TRAS ESGOTAR UNHA ANTERIOR?**
 - 10 **RÉXIME FINANCIERO E XESTIÓN DAS PRESTACIÓNS**
 - 11 **COMPROMISO DE PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE EMPRENDEDORA**
 - 11 **NORMATIVA REGULADORA**





¿Qué es?

Os traballadores por conta propia do Réxime Especial do Mar gozan do sistema específico de protección por cesamento de actividade no caso de que, por motivos alleos a súa vontade, cesen totalmente na súa actividade de forma temporal ou definitiva.

O sistema de protección polo cesamento de actividade forma parte da acción protectora do sistema da Seguridade Social, é de carácter voluntario e comprende tanto unha prestación económica mensual polo cesamento total de actividade como o abono da cotización á Seguridade Social por continxencias comúns.

As persoas traballadoras por conta propia poderán optar por incluír/renunciar á cobertura de cesamento de actividade do 1 de outubro de cada ano, tendo efectos tal opción dende o 1 de xaneiro do ano seguinte.

A prestación económica por cesamento de actividade complementase con accións de formación e inserción laboral para facilitar a súa reincorporación ao mercado de traballo, xestionadas por Comunidades Autónomas ou polo Instituto Social da Mariña.

Sujetos beneficiarios

Quedarán incluídos dentro do sistema de protección por cesamento de actividade, os traballadores por conta propia e aqueles armadores de embarcacións que, independentemente da súa condición de empresario da devandita embarcación, presten servizos a bordo, enrolados na mesma como un tripulante máis e percibindo unha parte do monte menor, se a retribución é á parte, ou un salario, como o resto dos tripulantes.



Requisitos

... Estar afiliados e en situación de alta no Réxime Especial dos traballadores do Mar.

... Solicitar a baixa neste réxime a causa do cesamento de actividade.

... Ter cuberto o período mínimo de cotización por cesamento de actividade. (12 meses continuos e inmediatamente anteriores á situación de cesamento de actividade, sendo computable o mes no que se produza o feito causante do cesamento de actividades).

... Atoparse en situación legal de cesamento de actividade.

... Suscribir o compromiso de actividade e acreditar activa dispoñibilidade para a reincorporación ao mercado de traballo a través das actividades formativas, de orientación profesional e de promoción da actividade emprendedora ás que poida convocarlle o Servizo Público de Emprego da correspondente Comunidade Autónoma ou o Instituto Social da Mariña.

... Non ter cumprido a idade ordinaria que se esixa en cada caso para causar dereito á pensión contributiva de xubilación, salvo que non tivese acreditado o período de cotización requirido para iso.

... Estar ao corrente no pago das cotas á Seguridade Social.

... Que non conorra en ningunha incompatibilidade prevista pola Lei.

... Cando o traballador autónomo do mar teña a un ou máis traballadores ao seu cargo, será requisito previo ao cesamento de actividades o cumprimento das garantías, obrigacións e procedementos regulados na lexislación laboral.





Causas

Para ter dereito á prestación, é necesario que se demostre que o cesamento na actividade está provocado por algunha das seguintes causas:

1. Cando se produzan **motivos económicos, técnicos, productivos ou organizativos** que fagan inviable continuar coa actividade económica ou profesional.

... Pérdidas derivadas do desenvolvemento da actividade nun ano completo, superiores ao 10 por cento dos ingresos obtidos no mesmo período, excluído o primeiro ano de inicio da actividade.

... Execucións xudiciais ou administrativas tendentes ao cobro das débedas recoñecidas polos órganos executivos, que comporten polo menos o 30 por cento dos ingresos do exercicio económico inmediatamente anterior.

... Declaración xudicial de concurso que impida continuar coa actividade, nos termos da Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal.

O modo de acreditar esta causa é mediante declaración xurada do solicitante, á que terá que acompañar en función do motivo alegado, os documentos de carácter contable, profesional, fiscal, administrativo ou xudicial que xustifiquen a falta de viabilidade da actividade, nos que se fará constar a data de produción dos motivos aos que se alude.

No caso de titulares de embarcacións deberán proceder a depositar o Rol da mesma na correspondente Capitanía Marítima.



2. Cando se dean causas de **forza maior** que determinen o cesamento temporal ou definitivo da actividade económica ou profesional.

... Acredítase mediante declaración expedida por este Instituto recoñecendo o acontecemento causante de forza maior.

... Ademais terá que acompañar unha declaración xurada do solicitante do cesamento temporal ou definitivo da súa actividade, e terá que facer constar a data da produción de forza maior e a documentación na que se detalle mediante os medios de proba que considere necesarios, en que consiste o suceso, a súa natureza imprevisible, ou previsible pero inevitable, a súa relación coa imposibilidade de continuar coa actividade, indicando se a forza maior é determinante do cesamento definitivo ou temporal da actividade, e neste último caso, a duración do cesamento temporal aínda que sexa estimada e calquera outros aspectos que permitan ao órgano xestor declarar tal circunstancia.

3. Por **perda da licenza administrativa**, sempre que a mesma sexa un requisito para o exercicio da actividade e non estea motivada pola comisión de infraccións penais.

... Acredítase mediante resolución na que se denega ou revoca a licenza.

4. Violencia de xénero que obrigue ao cesamento temporal ou definitivo da actividade da traballadora autónoma.

... Acredítase mediante declaración escrita da solicitante de cesar ou interromper a súa actividade económica ou profesional, á que se adxuntará algún dos documentos recolleitos na Lei, entre os que se atopan a orde de protección





ou, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

5. Por **divorcio ou acordo de separación matrimonial**, nos casos nos que o autónomo divorciado ou separado exercera funcións de axuda familiar no negocio da persoa da que se separou e que deixan de exercerse por mor da ruptura ou separación matrimonial.

... Acredítase mediante resolución xudicial, así como a documentación na que conste a perda de exercicio das funcións de axuda familiar directa no negocio, que se realizaban antes da ruptura ou separación.

A Lei Xeral da Seguridade Social **non considera situación legal de cesamento de actividade cando se interrompe ou cesa a actividade voluntariamente.**

Lugar e prazo de presentación da solicitude

Se o traballador reúne todos os requisitos necesarios e atópase na situación legal de cesamento de actividade pode solicitar o recoñecemento do dereito á protección polo cesamento de actividade en calquera Dirección Provincial ou Local do Instituto Social da Mariña se é esta a entidade que cubre as continxencias profesionais ou en calquer centro da Mutua coa que se teñan cubertas as continxencias profesionais.

O prazo para poder solicitar o recoñecemento da prestación por cesamento de actividade finaliza o último día do mes seguinte ao que se produciu tal cesamento e a solicitude deberá ir acompañada da documentación acreditativa requirida.



O devandito recoñecemento daralle dereito á correspondente prestación económica, a partir do mes seguinte a aquel no que se produciu o feito causante do cesamento de actividade, así como ao abono durante o período que dure a prestación, da cotización da Seguridade Social por continxencias comúns.

En caso de que presente a solicitude unha vez transcorrido o prazo fixado, descontaranse do período de percepción da prestación económica dos días que medien entre a data en que rematou o prazo e a data en que a presentou.

Duración

O número de meses aos que se terá dereito a cobrar a prestación polo cesamento de actividade dependerá da idade e dos períodos cotizados dos 48 meses anteriores á situación legal do cesamento de actividade, tal e como se mostra na seguinte táboa:

Meses cotizados	Duración en meses para menores de 60 anos	Duración en meses para maiores de 60 anos
De 12 a 17	2	2
De 18 a 23	3	4
De 24 a 29	4	6
De 30 a 35	5	8
De 36 a 42	6	10
De 43 a 47	8	12
Con 48	12	12





... É importante ter en conta que para poder percibir a prestación tense que **cotizar de forma continua os doce meses anteriores ao cesamento de actividade**.

No Réxime Especial dos Traballadores do Mar, os períodos de veda obrigatoria aprobados pola autoridade competente non se terán en conta para o cómputo do período de doce meses continuados e inmediatamente anteriores á situación legal do cesamento de actividade, sempre e cando neses períodos de veda non se percibira a prestación por cesamento de actividade.

... **Teranse en conta exclusivamente** as cotizacións polo cese de actividade efectuadas ao Réxime Especial correspondente e que non fosen computadas para o recoñecemento dun dereito anterior da mesma natureza.

Contía

A contía da prestación será do 70% da base reguladora, calculada segundo a media das bases polas que o traballador cotizase durante os 12 meses anteriores á situación legal do cesamento de actividade, sen aplicación dos coeficientes correctores de cotización.

A contía máxima será o 175% do Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM), salvo cando o traballador teña un ou máis fillos ao seu cargo, nese caso a contía será respectivamente, do 200% ou do 225% do devandito indicador.

A contía mínima variará entre o 107% e o 80%, dependendo de se o traballador solicitante da prestación ten fillos ao seu cargo ou non.



Suspensión e continuación

A prestación suspenderase pola imposición dalgunha sanción por infracción leve ou grave, por cumprir condena de privación de liberdade, por traballar por conta propia ou allea por tempo inferior a 12 meses, por traslado de residencia ao estranxeiro por un período continuado inferior a 12 meses para a procura ou realización de traballo, ou perfeccionamento profesional ou cooperación internacional, e pola saída ocasional ao estranxeiro por tempo non superior a 30 días naturais por unha soa vez cada ano, sempre que estivese previamente comunicada e autorizada polo órgano xestor.

A suspensión leva a interrupción do abono da prestación económica e da cotización por mensualidades completas, sen afectar ao período da súa percepción, salvo no caso de sanción.

Polo tanto, a prestación será incompatible coa realización do traballo por conta propia ou allea, así como coa percepción de prestacións da Seguridade Social ou coas axudas á frota.

A protección renovarase previa solicitude do interesado. Tense que acreditar que a causa de suspensión da prestación finalizou e que se mantén a situación do cese de actividade. A continuación supón gozar da prestación pendente de percibir.

O dereito á continuación nace a partir don fin da causa de suspensión, e ten que solicitarse no prazo dos 15 días seguintes á extinción da causa de suspensión. Se a solicitude preséntase transcorrido este prazo, descontaranse os días que medien entre a data na que debeu presentarse e na que se presentou. Se a suspensión produciuse por traballo por conta propia, o traballador debe acreditar que o cesamento constitúe situación legal de ce-





samento de actividade e o dereito á continuación nacerá a partir do día primeiro do mes seguinte ao cesamento de actividade.

Extinción

O dereito á protección por cesamento de actividade extinguirase, por esgotamento do prazo de duración da prestación, pola realización dun traballo por conta allea ou propia durante un tempo igual ou superior a 12 meses, por imposición de sanción e polas demais causas recollidas no artigo 341 da Lei Xeral da Seguridade Social.

Pode volver percibirse a prestación tras esgotar unha anterior?

Sí, pero para ter dereito ao recoñecemento dunha nova prestación terán que transcorrer 18 meses dende a extinción da prestación anterior e sempre que se cumpran os requisitos legais.

Réxime financeiro e xestión das prestacións

... A financiación farase con cargo ás achegas dos traballadores autónomos.

... A xestión será a cargo da Mutua coa que o traballador por conta propia teña concertada a cobertura das continxencias profesionais ou do Instituto Social da Mariña, se é a entidade que cobre ditas continxencias.

... As medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora xestionadas polo servizo público de emprego.



Compromiso de promoción da actividade emprendedora

Todo perceptor da prestación económica polo cesamento de actividade deberá comprometerse a desenvolver todas aquelas medidas de formación, innovación, promoción e perfeccionamento que lle permitan reiniciar á maior prontitude a anterior ou outra actividade económica ou profesional.

Normativa reguladora

Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. (BOE nº 261 de 31 de outubro de 2015).

Real Decreto 1541/2011, de 31 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 32/2010, de 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos. (BOE nº 263 do 1 de novembro de 2011).



Estamos para axudarche nos teus momentos difíciles



Edita

Instituto Social de la Marina

Diseño y realización

Estudio Fraile de Tejada

NIPO: 273-16-027-8

Depósito Legal: M-36420-2016

Reservados todos los derechos: Ni la totalidad ni parte de este folleto pueden reproducirse o transmitirse por medios electrónicos o mecánicos, así como las fotografías o ilustraciones sin permiso escrito del Instituto Social de la Marina.

Toda la información de este folleto queda al amparo de la ley vigente de Propiedad Intelectual.

